

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de xuño de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil catro e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(808).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, as actas das sesións do 7 e 14 de xuño de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(809).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 91/04 P.O. INTERPOSTO POR TAMARO, S.L. EN RELACIÓN CON RESOLUCIÓN 25/02/04 SOBRE DENEGACIÓN DE MEDIDA CAUTELAR DE SUSPENSIÓN DE RESOLUCIÓN DE PECHE DE ESTABLECIMENTO. DESESTIMADO.

Dáse conta do auto de data de data 10.06.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso referido interposto contra resolución de 25.02.04, dictada polo Concello de Vigo (expte. 1664/306), na que se acorda impoñer unha sanción de 42.070,85 € e clausura definitiva do establecemento sito en rúa Pontevedra, nº 6 baixo, por infracción reiterada da ordenanza

municipal sobre contaminación acústica, mantendo a medida cautelar de paralización da actividade. Así mesmo son obxecto do recurso interposto “todos aqueles actos que teñan a súa causa ou dimanen da resolución recorrida”, incluíndo o precinto do local realizado o 28.02.04. No escrito de interposición solicitouse a suspensión do acto administrativo impugnado.

O Xulgado acorda o seguinte:

“Denegar a medida cautelar de suspensión do acto administrativo impugnado neste proceso.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

3(810).- SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL, EN R.C.-A. Nº 2087/03 INTERPOSTO POLO CONCELLO CONTRA SENTENZA DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 7 DE VIGO EN XUÍZO VERBAL Nº 544/2002 SOBRE DOMINIO DE FINCA EN R/ COUTADAS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 20.04.04 dictada pola Sección Quinta da Audiencia Provincial de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que desestimando a impugnación da sentenza de primeiro grao efectuada pola representación procesual do Concello de Vigo no que lle resultaba desfavorable, e estimando o recurso de apelación interposto pola representación procesual de D. Nabor Martínez Carpintero, revocando dita sentenza dictada o 20 de febreiro de 2003, e estimando na súa integridade as pretensións da demanda, é dicir:

1º.- Declarar que a finca obxecto do presente litixio é da propiedade de D. Nabor Martínez Carpintero.

2º.- Condenar ó Excmo. Concello de Vigo a estar e pasar por esta declaración, deixando libre e expedita a finca, abstendose de usala como parque público, ou para calquera outro fin.

3º.- Impóñense as custas causadas en primeira instancia ó Concello de Vigo.

Todo iso sen facer especial imposición respecto á da presente alzada (art. 398 da LEC).

A Xunta de Goberno queda enterada.

4(811).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 47/2003, INTERPOSTO POR Dª EMILIA E D. ALFREDO ESTÉVEZ CAL, EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓN IIVTMV. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 25.05.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por Emilia Estevez Cal e Alfreso Estevez Cal contra a desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición interposto contra liquidación do Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana, aprobada con data 5.04.00 (expte. Núm. PV 00/859/1), en relación coa transmisión efectuada con data 18.06.1999 por Erundina Cal Rivera, madre dos recorrentes. Con imposición aos actores das custas deste proceso por temeridade.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta aos departamentos de Admón. de Tributos e Recursos e Asesoramento.

5(812).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 319/2003, INTERPOSTO POR D. ROBERTO GARCÍA ABALDE EN RELACIÓN CON RESOLUCIÓN DE 20/10/03 SOBRE IMPOSICIÓN DE MULTA DE TRÁFICO . ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 14.06.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Roberto García Abalde contra resolución de data 20 de outubro de 2003 dictada polo Concello de Vigo – Sector de Circulación, no expediente sancionador núm. 1020745524, que impuxo ao recorrente unha sanción consistente en multa de 96,16 € pola comisión dunha infracción prevista no art. 94-2 do Regulamento Xeral de Circulación; resolución que anulo e deixo sen efecto, por non ser conforme a Dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta o Departamento de Mobilidade e Seguridade.

6(813).- SENTENZAS DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NOS R.C.A. Nº 11/2004, 12/2004 E 13/2004, INTERPOSTO POR IBERPLAS, S.L., EN RELACIÓN CON RESOLUCIÓNS DE IMPOSICIÓNS DE MULTAS DE TRÁFICO. DESESTIMADOS.

Dáse conta da sentenzas de data 14.06.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo nos recurso de referencia, que fallan o seguinte:

a) RCA 11/2004.

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por IBERPLAS S.L., contra resolución de data 20 de novembro de 2003 dictada polo Concello de Vigo – Sector de Circulación, no expediente sancionador núm. 1030771521, que impuxo á recorrente unha sanción consistente en multa de 301 € pola comisión dunha infracción prevista no art. 72.3 da Lei de Tráfico; resolución que confirmo, ó considerala axustada a Dereito. Sen custas.

b) RCA 12/2004.

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por IBERPLAS S.L., contra resolución de data 7 de novembro de 2003 dictada polo Concello de Vigo – Sector de Circulación, no expediente sancionador núm. 1030774716, que impuxo á recorrente unha sanción consistente en multa de 301 € pola comisión dunha infracción prevista no art. 72.3 da Lei de Tráfico; resolución que confirmo, ó considerala axustada a Dereito. Sen custas.

c) RCA 13/2004.

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por IBERPLAS S.L., contra resolución de data 20 de novembro de 2003 dictada polo Concello de Vigo – Sector de Circulación, no expediente sancionador núm. 1030781917, que impuxo á recorrente unha sanción consistente en multa de 301 € pola comisión dunha infracción prevista no art. 72.3 da Lei de Tráfico; resolución que confirmo, ó considerala axustada a Dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido das sentenzas do que deberá darse conta ao departamento de Mobilidade e Seguridade.

7(814).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.-A. Nº 02/5292/94, INTERPOSTO POR D^a GRACIELA CAÑAMERO ÁLVAREZ SOBRE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 3.06.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto por D^a Graciela Cañamero Alvarez contra o acordo de 10.06.94 do Concello de Vigo polo que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora en relación coas lesións sufridas o 9.02.93 a consecuencia dunha caída na pista de patinaxe de Samil, acto que anulamos por ser contrario a dereito, polo que condenamos á Administración demandada a que lle aboe a cantidade de 24.990,81 €. No demais desestimamos o recurso. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta á Intervención municipal.

8(815).- AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO SOBRE RECURSO DE CASACIÓN Nº 2513/2002, INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA SENTENZA DO 18/02/02 DO TSXG, DICTADA NO R.C.A. Nº 03/7374/98 (E 7375/98 ACUMULADO) EN RELACIÓN CON ACORDO DA COMISIÓN DE GOBERNO DE 30/01/98. INADMISIÓN DAS CASACIÓNS.

Dáse conta da sentenza de data 4.03.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no recurso de casación referido interposto contra a sentenza de 18.02.02 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictada nos recursos 03/7374/98 e 7375/98 sobre liquidacións practicadas polo concepto de Imposto sobre bens inmoables. O Tribunal Supremo falla o seguinte:

Declarar a inadmisión del recurso de casación interposto pola representación procesual da Autoridade Portuaria de Vigo contra a sentenza de 18 de febreiro de 2002 da Sala do Contencioso-Administrativo (sección terceira) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictada no recurso nº 7374/98, ao que se acumulou o recurso nº 7375/98, resolución que se declara firme; con imposición das custas procesuais causadas neste recurso á parte recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

9(816).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.-A. Nº 02/4928/00, INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA (DX TRANSPORTES) EN RELACIÓN CON EXERCICIO DE ACTIVIDADE FUNERARIA. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza do 20.05.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declaramos inadmisibile o recurso contencioso-administrativo interposto pola Dirección Xeral de Transportes contra a resolución de 2.08.00 do Concello de Vigo pola que se rexeitou o seu requirimento para que se deixase sen efecto a de 1.06.00 sobre exercicio da actividade funeraria no término municipal. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta ó servizo de Cemiterios.

10(817).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5082/00, INTERPOSTO POR D. JORGE A. VÁZQUEZ FERNÁNDEZ EN RELACIÓN CON DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE DANOS (EX. 12919/240). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza do 20.05.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Jorge Antonio Vázquez Fernández contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación sobre responsabilidade patrimonial presentada polo actor en relación cos prexuízos sufridos no seu negocio sito no nº 38 da Gran Vía como consecuencia do seu peche ó tráfico por obras dende o 8 de marzo ó 25 de maio de 1999. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

11(818).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4631/00, INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO EN RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 26/01/00 DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA SOBRE COMPENSACIÓN DE OFICIO DE DÉBEDAS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza do 20.05.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de Vigo contra a resolución do presidente da Deputación Provincial de Pontevedra de 26 de xaneiro de 2000 sobre compensación de saldos debedores e acredores existentes entre ambas Administracións, acto que anulamos en canto inclúe unha partida de 3.054.352.-ptas. de “Aportación obra D97/0518 reforma alumeadado público C.P. “, a cal debe ser excluída do mesmo, e debendo estarse respecto do I.A.E. ao dito no terceiro fundamento xurídico; desestimado o recurso no demais; sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta á Intervención Municipal e ao Servizo de Recursos e Asesoramento.

12(819).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.-A. 01/0351/2001, INTERPOSTO POR D. JOSÉ R. PADÍN TORRADO EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO SELECTIVO DE PRAZA DE TÉCNICO DE ACTIVIDADES SOCIOEDUCATIVAS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 9.06.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo deducido por D. Jose Ramón Padín Torrado contra Decreto do Alcalde do Concello de vigo de oito de xaneiro de dous mil un, desestimatorio de recurso de reposición contra decretos de once de maio e catorce de novembro de dous mil, sobre declaración de deserto o concurso-oposición para cubrir unha praza de técnico de

actividades socio-educativos e sobre desestimación das alegacións do agora recorrente sobre revisión das calificacións, respectivamente; sen facer pronunciamento respecto ó pagamento das custas devengadas na substanciación do procedemento.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Persoal.

13(820).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 305/2003, INTERPOSTO POR TAMARO, S.L. EN RELACIÓN COA SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES “DISCOTECA BYBLOS”. DESESTIMENTO.

Dáse conta do Auto de data 7.06.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra resolucións do 3.04.03 e 16.06.03 sobre suspensión de actividades da discoteca “Byblos” (expte. 1665-406-2003), que acorda o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter ao procurador D. José Francisco Vaquero Alonso, en nome e representación da mercantil Tamaro S.L., por desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno queda enterada.

14(821).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 1/04 INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA AVDA. DE RAMÓN NIETO Nº 1 SOBRE TIULARIDADE DE TERRAZA (EX. 16679/240). INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do Auto de data 3.06.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo procedemento ordinario nº 1/04 seguido a instancia da Comunidade de Propietarios da Avda. de Ramón Nieto nº 1 de Vigo contra a resolución do Concello de Vigo dictada no expediente 16679/240 sobre reparación de terraza pola que se acorda a improcedencia por non ser de propiedade municipal. O auto acorda o seguinte:

Declarase inadmisibile o presente recurso contencioso-administrativo interposto ola representación da Comunidade de Propietarios do Inmable sito na avda. de Ramón Nieto nº 1 de Vigo, contra a actuación referenciada, por carecer de xurisdicción este Xulgado para o seu coñecemento.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

15(822).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES COA UNIDADE DE DROGODEPENDENCIAS “CEDRO” 01/07/04-31/12/04. EX. 10867/301.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Sector, de 7.05.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a interventora xeral e o conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, que di o seguinte:

O Sr. Concelleiro-Delegado de Asuntos Sociais, con data 02/05/04, ordenou a incoación de expediente para renovar por seis meses o convenio de colaboración vixente con Cruz Roja para o desenvolvemento de actividades na UAD “CEDRO”.

Como consecuencia do desexo expresado polos responsables de Cruz Roja Española de rematala colaboración que desde hai anos mantiña para o desenvolvemento dos diferentes programas asistenciais, con data 20/11/03, a Alcaldía-Presidencia comunicou ó Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia que a partir do 01/01/04 a atención da Unidade cinguirase exclusivamente á que puidera presta-lo persoal municipal.

As conversacións mantidas desde meses antes co Plan Autonómico na procura de posibles solucións para establece-la atención adecuada que suplira a diminución de actividade asistencial que elo suporía, aconsellou continuar co convenio ó que accedeu Cruz Roja, producíndose acordo para o seu mantemento ata o 30/06/04 en Comisión Municipal de Goberno de data 26/11/03.

Nestes momentos e dada a orde de inicio de expediente de contratación de concurso para a prestación do servizo estanse confeccionando pola Dirección da Unidade as prescricións técnicas do mesmo, o que coa tramitación do expediente levaríanos seguramente á adxudicación con data posterior ó 30 de xuño, co conseguinte trastorno á prestación do servizo e indubidables consecuencias nos tratamentos.

Indubidablemente esto aconsella prorroga-lo convenio vixente por outros seis meses, pretensión á que accede a representación acreditada de Cruz Roja Española, garantindo a atención.

Na Partida 227.06.01 de “CEDRO” existe consignación suficiente para facer fronte a este gasto de 191.322 € da prorroga ata o 31/12/04 .

Tralo exposto, á Xunta de Goberno Local, propónse a adopción do seguinte acordo, previos informes oportunos:

“Prorrogar ata o 31/12/04 o convenio de colaboración vixente coa Cruz Roja Española para o desenvolvemento de actividades na Unidade de atención a drogodependentes “CEDRO”, aprobado por acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 22/11/03 e que tiña vixencia ata o 31/06/04, cunha achega igual de 191.322 € con cargo á Partida 227.06.01”.

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que considere mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe proposta, acorda:

Prorrogar ata o 31/12/04 o convenio de colaboración vixente coa Cruz Roja Española para o desenvolvemento de actividades na Unidade de atención a drogodependentes “CEDRO”, aprobado por

acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 22/11/03 e que tiña vixencia ata o 31/06/04, cunha achega igual de 191.322 € con cargo á Partida 227.06.01.

16(823).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI. PROGRAMA “VACACIONES EN PAZ 2004”. EX. 10878/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 7.05.04, conformado polo xefe do Sector, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Excm. Alcaldesa e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder á Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharauí”, Cif. G15924558, unha subvención de 2.800 € como achega municipal ó programa de vacacións para nenos/nenas saharauís, con cargo á Partida 1110-4800000 do Orzamento de 2003 prorrogado o presente ano.

2º.- Para a efectividade da subvención, a Asociación citada deberá aportar, antes de producirse a viaxe dos nenos/nenas, ante a Concellería de Asuntos Sociais, informe social emitido por Diplomada en Traballo Social colexiada comprensivo fundamentalmente da idoneidade das familias acolledoras así coma declaración xurada das mesmas comprometéndose ó cumprimento das condicións, con especial significación ó cumprimento das datas de retorno.

3º.- A Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharauí” deberá presentar así mesmo xustificantes de ter concertadas as pólizas de seguro necesarias que cubran tódolos aspectos da actividade.

17(824).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA VEGONSA, AGRUPACIÓN ALIMENTARIA, S.A.; PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO “DEPENDENTE/A POLIVALENTE DA DISTRIBUCIÓN ALIMENTARIA”. EXPTE. 2338/077

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego de 7.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o curso de “Dependente/a polivalente da distribución alimentaria” dentro do programa de “Formación en empresas con compromiso de contratación” segundo o informe da técnica de inserción do Plan municipal de emprego, que de seguido se transcribe, que se desenvolverá no presente ano 2004.

CURSO DEPENDENTE/A POLIVALENTE DA DISTRIBUCIÓN ALIMENTARIA DO PROGRAMA DE FORMACIÓN EN EMPRESAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

O Concello de Vigo dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego xestiona o Plan municipal de emprego 2004-2007 que pretende ser un referente na necesaria coordinación entre todos os axentes implicados na loita contra o desemprego, configurándose como un proxecto aberto, coa vocación de ter unha fonda incidencia entre as persoas desempregadas da cidade, e de ser inductor dun cambio de visión sobre a problemática do paro, aportando o apoio municipal ás diversas facetas do camiño dende o desemprego á realización plena de actividade e á inserción laboral.

Do conxunto de accións a desenvolver no Plan municipal de emprego destaca o Programa de apoio a inserción laboral e dentro deste a “Formación en empresas con compromiso de contratación” que supón continuar na liña da experiencia exitosa obtida nos Plans formativos do Plan municipal de emprego 2000-2003. A formación ocupacional realízase nun ámbito productivo real, a empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e a organización dos procesos productivos.

O deseño deste curso, que enmarcase dentro do Plan formativo do ano 2004, ten como eixe fundamental o casamento entre os intereses formativos manifestados polas persoas usuarias do noso Servizo de orientación laboral e as necesidades detectadas no mercado de traballo, a través dos contactos cos responsables das empresas e asociacións empresariais de Vigo e a súa comarca, ás que se lles solicitaba a súa colaboración para o desenvolvemento de programas de formación.

Na actualidade o grupo de empresas que solicita o curso, posúe unha ampla rede comercial, formada na área metropolitana de Vigo por 8 supermercados EROSKI/center, 11 Autoservicios Familia/city e 1 Cash Record. O actual proxecto de expansión da empresa prevé ampliacións de algúns supermercados xa existentes, polo que necesitarase incrementar os seus postos de traballo. A dificultade de atopar persoal cualificado para atender esta demanda, unicamente se solventa coa impartición da formación específica que ata o momento non se produce de xeito regulado. Estes postos na actualidade non se limitan só ó cobro do cliente, se non que se desenvolven na polivalencia, isto permite dotalos de maiores contidos profesionais que favorecerán o seu acceso ó mundo laboral.

Dado o interese que esta empresa Vegonsa, Agrupación Alimentaria, S.A. amosa por facer outra acción formativa e unha vez analizado o seu presuposto, o seu programa e o perfil demandado (mulleres e homes entre 18 e 42 anos con graduado escolar ou nivel similar de coñecementos xenerais, e non se require experiencia profesional), o equipo do Servizo de orientación laboral considera esta oferta axeitada para incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas beneficiarias da nosa base de datos.

Este curso pretende dotar o alumnado dos coñecementos básicos para unha aprendizaxe polivalente da ocupación de caixeiro/a de supermercado. A labor actual de caixeiro/a non se limita o posto de caixa se non que se complementa coas labores de apoio nas distintas sección de frescos, polo que é necesario formar adecuadamente a estes/estas futuros/as profesionais nos coñecementos, habilidades e actitudes necesarias para o desenvolvemento da actividade laboral.

Por outra parte esta empresa leva xa colaborando no programa de Formación en empresas con compromiso de contratación varios anos cun alto grado de satisfacción por parte do alumnado e posteriormente traballadores/as así como por parte do equipo do Servizo de orientación laboral. O compromiso de contratación que se asina no convenio é do 50% por un período mínimo de tres meses e esta empresa superou na maioría dos contratos este período esixido na sinatura do convenio, chegando en algúns casos a facer contratos indefinidos.

A programación e o enfoque eminentemente práctico da impartición do curso permite aproximar de maneira moi notable a acción formativa ás necesidades reais da empresa o que suporá unha boa acollida por parte das persoas entrevistadas.

CARACTERÍSTICAS DO CURSO

<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>Nº</i>	<i>Nº HORAS</i>	<i>ENTIDADE</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>DEPENDENTE/A POLIVALENTE DA DISTRIBUCIÓN ALIMENTARIA</i>	<i>15</i>	<i>240</i>	<i>VEGONSA, AGRUPACIÓN ALIMENTARIA, S.A.</i>	<i>16.128€</i>

DATA DE REALIZACIÓN

A data prevista para o desenvolvemento do curso é o mes de setembro, aínda que esta pode sufrir modificacións.

SELECCIÓN DE EXPERTOS/AS

Considérase que a mellor opción é que as empresas e entidades colaboradoras se fagan cargo da selección dos/as expertos/as docentes.

No caso de que as empresas non dispoñan do persoal cualificado recorreríase á base de datos de expertos/as docentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego conforme co establecido no acordo da Comisión de Goberno Municipal do 23/5/1997.

SELECCIÓN DE ALUMNOS/AS

Os cursos terán unha participación máxima de 15 persoas.

A selección farase entre as persoas entrevistadas polos/as orientadores/as do Servizo de orientación laboral da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que teñan dentro do seu itinerario formativo a realización de cursos de formación ocupacional. Se desta forma non se cubriren tódalas prazas, publicarase un anuncio na prensa local.

ORZAMENTO

O orzamento deste curso de Formación en empresas con compromiso de contratación do ano 2004 do Plan municipal de emprego 2004-2007 comprende custos docentes e custos materiais.

A) CUSTOS DOCENTES

A actividade formativa levarase a cabo na empresa, o que facilitará o acercamento do alumnado á realidade empresarial.

Os custos de persoal docente, ascende á cantidade de 7.164 €.

B) CUSTOS MATERIAIS

Neste concepto inclúense tódolos gastos de realización dos cursos (seguro de accidentes, aluguer de instalacións, material funxible, etc).

Os custos materiais ascenden a 8.964 €.

Sumando os conceptos dos apartados anteriores (A+B) o importe total da posta en marcha deste curso ascende a 16.128€.

Este gasto poderase facer contra a partida orzamentaria 3220 470 00 00, “ Programa de axudas á inserción laboral”, do ano en curso.

2º.- Aprobar o texto do convenio a asinar coa entidade que desenvolverá o curso.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA VEGONSA AGRUPACIÓN ALIMENTARIA, S.A PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO "DEPENDENTE/A POLIVALENTE DA DISTRIBUCIÓN ALIMENTARIA”

REUNIDOS:

Dunha parte:

O Excmo Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e representado por Dona Lucía Molares Pérez en calidade de Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local,

doutra:

Don Francisco Duarte Vázquez con NIF 32758048E en nome e representación da empresa Vegonsa, Agrupación Alimentaria, S.A con domicilio na rúa Troncal, 22 da cidade de Vigo.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de persoas activas e desempregadas. Deste xeito, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou, por unanimidade, na súa sesión de data 26 de xaneiro de 2004, o Plan municipal de emprego 2004-2007. O Concello de Vigo, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, no marco dese Plan e dentro do Programa de axudas á inserción sociolaboral, promove a formación en empresas, co compromiso, por parte destas, de contratar un mínimo do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, para colaborar de forma activa na loita contra o desemprego e mellorar, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa. Esta fórmula obriga a que o deseño das accións formativas, eminentemente prácticas, estea moi adaptado tanto ás características das persoas beneficiarias como ás necesidades das empresas e a que estas participen dun aprendizaxe activo desenvolvido dentro do ámbito productivo real.

SEGUNDO: A empresa Végonsa, Agrupación Alimentaria, S.A é sensible a estes obxectivos, ademais de ter a necesidade de formar traballadores/as no seu sector ante a gran demanda do mercado laboral existente hoxe en día, polo que expresa a súa intención de participar activamente neste programa.

Por todo isto subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración para realizar unha acción formativa cunha duración de 240 horas lectivas incluídas as prácticas, a razón de 5 horas diarias, coa finalidade de formar a 15 persoas como “Dependentes/as polivalentes da distribución alimentaria” e co compromiso de contratar, por parte da empresa Végonsa, Agrupación Alimentaria, S.A., un mínimo do 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso. Estas contratacións terán unha duración mínima de 3 meses e a formalización dos contratos de traballo deberá realizarse dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa. O temario do curso inclúese no anexo a este convenio.

SEGUNDA.- Compromisos de VEGONSA, AGRUPACIÓN ALIMENTARIA S.A.

A empresa Végonsa, Agrupación Alimentaria,S.A. organizará, impartirá, avaliará e fará unha memoria final e cantas outras accións sexan necesarias para realizar o curso motivo do convenio, para o que contará co material, seguros, persoal técnico e instalacións necesarios para o seu correcto desenvolvemento. Posteriormente, dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa, contratará, cunha duración mínima de 3 meses, a un mínimo do 50 % do alumnado que remate satisfactoriamente o curso.

TERCEIRA.- Compromisos do Concello de Vigo

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe estipulado. Así mesmo, realizará a selección das persoas candidatas a través do equipo técnico do Servizo de orientación laboral en colaboración coa empresa, controlará o desenvolvemento do curso e recompilará toda a documentación e información relativa a este que considere oportuna para o seu bo fin e xustificación.

CUARTA.- Seguimento do Convenio

Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por un/unha representante por cada parte asinante. A Comisión de Seguimento será presidida por un representante municipal e deberá reunirse cando as partes o acorden. O/A representante municipal na Comisión de Seguimento será nomeado/a polo Alcalde, a proposta da Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

QUINTA.- Incumprimento do Convenio

O incumprimento do especificado nas cláusulas poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

Como norma última, será o Concello de Vigo o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

SEXTA.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do obxecto do mesmo, é dicir, noventa días despois da data de finalización da acción formativa.

SÉTIMA.- Relación contractual

A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha con este Concello de Vigo por parte do persoal encargado da organización, impartición ou calquera outra tarefa no desenvolvemento do curso.

OITAVA.- Forma de pago

O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 16.128€. No referido ó pagamento da cantidade acordada como presuposto das actividades formativas, motivo do presente convenio, o Concello aboará unha cantidade inicial de 8.064€, que supón o 50% do total, ó inicio do programa, para facer fronte ós gastos xerados polo comezo das actividades. Será tramitado unha vez que se certifique por parte do/a responsable municipal designado/a, que tal actividade se ten iniciada efectivamente.

O resto do importe da cantidade presupostada aboarase en dous prazos. O segundo pago que se corresponderá cun 25% do total, 4.032€, será tramitado unha vez que se certifique por parte do/a responsable municipal, que proceda a segunda entrega por terse executado o convenio, cando menos nun 50%, de acordo coa actividade formativa presentada. O terceiro e derradeiro pago por importe do 25% restante, 4.032€, aboarase unha vez que sexa debidamente xustificada a consecución dos compromisos adquiridos pola empresa.

Este gasto farase con cargo a partida orzamentaria 3220 470 00 00 “Programas de axudas á inserción laboral” do presuposto vixente.

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, no lugar e data que se indican máis abaixo.

3º.- Facultar a Dona Lucía Molares Pérez, concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local para a súa sinatura.

4º.- Aprobar a disposición total de 16.128 €, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00, “Programa de axudas á inserción laboral” que inclúe os gastos docentes, materiais e seguro do alumnado para a realización deste curso do programa “Formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego 2004-2007.

18(825).- SOLICITUDE DE MEDIARTE Y COMUNICACIÓN DE GALICIA, S.L., DE CESIÓN DO AUDITORIO DO PARQUE DE CASTRELOS PARA A REALIZACIÓN DE DÚAS GALAS PARA A TVG OS DÍAS 16 E 18 DE XULLO. EX. 1039/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 18.06.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a cesión das instalacións e equipamentos do auditorio ó aire libre do Parque de Castrelos á empresa MediarTE e Comunicación de Galicia S.L., CIF B-36787364, para a realización de dúas galas da TVG, según as seguintes condicións:

1. A cesión realizarase entre as 8'00 horas do día 14 e as 8'00 horas do día 19 de xullo. A empresa queda obrigada á devolución das instalacións antes da hora indicada, por necesidades de programación municipal; en caso de incumprimento, adoptarianse as medidas sancionadoras que determinen os órganos de Goberno do Concello de Vigo.
2. A responsabilidade civil e de calquera outra índole derivadas da celebración dos espectáculos serán exclusivamente da entidade, como organizadora do mesmo.
3. O Concello encargárase do subministro eléctrico, limpeza do recinto interior e do graderío, xestión da presenza da Policía Local, Bombeiros e Protección Civil. Ademais, designará unha persoa encargada de custodiar as chaves do recinto durante todo o periodo e asesorarlles nas súas posibilidades de utilización.
4. A carga máxima permitida para a cuberta da estrutura do escenario é de 2.500.- quilogramos, non permitindo baixo ningún concepto superar este límite.
5. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato trala celebración dos espectáculos por conta da empresa.
6. O Concello non asumirá ningún outro compromiso agás os especificados nos apartados anteriores.

19(826).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DA XIII FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN DE VIGO, NA PRAZA DE COMPOSTELA ENTRE AS DATAS 20 XULLO E 10 AGOSTO. EXPTE. 69753/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 21.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA á ocupación da vía pública para a celebración da XIII FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN DE VIGO, na Praza de Compostela, entre as datas 20 de xullo e 10 de agosto.

Os organizadores deberán adopta-las preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.

- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

20(827).-SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DA “FEIRA DO LIBRO NOVO DE VIGO” ENTRE OS DÍAS 28 DE XUÑO E 7 DE XULLO NA PRAZA DE COMPOSTELA. EX.69755/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 22.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA á ocupación da vía pública do 23 de xuño até o 10 de xullo para a celebración da XXX FEIRA DO LIBRO NOVO DE VIGO, na Praza de Compostela, entre as datas 28 de xuño e 7 de xullo.

Os organizadores deberán adopta-las preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

21(828).-PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, MONTAXE E DESMONTAXE DE PALCOS E PLATAFORMAS. EX. 41014/250.

Examinadas as actuacións do expediente, vistoo prego de prescricións técnicas, do 26.04.04, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o prego de cláusulas administrativas, do 1.06.04, redactado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación e conformado polo xefe de Réxime Interior, ambos os dous para a contratación por procedemento negociado da prestación dos servizos de subministración, montaxe e desmontaxe de palcos e plataformas; visto o informe xurídico de 8.06.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do 1.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro delegado de Área de Servizos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º Autoriza-lo gasto de 24.000 euros para a execución dos traballos de subministro, montaxe e desmontaxe de palcos e plataformas que se imputarán á partida 5110.227.06.04 do presuposto do ano 2004.

2º Aproba-lo prego de condicións administrativas e técnicas para a contratación dos traballos de subministro, montaxe e desmontaxe de palcos e plataformas.

Vigo .

3º Solicitar oferta a tres empresarios capacitados para a execución do contato.

22(829).-PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONTRATACIÓN DO CONCURSO DE IDEAS PARA O APROVISTAMENTO DE PROPOSTAS PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2004-2005 DA CONCELLERÍA DA MULLER. EXPTE. 1687/224.

Examinadas as actuacións do expediente, vistas as bases, do 31.05.04, redactadas pola técnica do Departamento da Muller, os pregos de cláusulas administrativas, do 3.06.04, redactados polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, para a convocatoria e contratación do concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural da Concellería da Muller 2004-2005; visto o informe xurídico de 8.06.04 e de acordo co informe-proposta da técnica do Departamento da Muller do 31.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e Muller e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria do “Concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural da Concellería da Muller 2004-2005”, que se acompañan.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas tipo para a contratación por procedemento negociado, que se acompañan, (art. 210 do Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas) das propostas seleccionadas no concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades do programa de formación e animación sociocultural 2004-2005.

3º.- Convocar o antedito concurso de ideas e publicar o anuncio na prensa local e no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- Todo isto con cargo ás partidas do presuposto prorrogado para o ano 2004: 463.2.226.06.00 e bolsa de vinculación xurídica, por un importe de 26.235.- euros e 463.2.226.02.00 por importe de

10.000.- euros, e con cargo á partida 463.2.226.06.00 do futuro presuposto do ano 2005 o importe de 78.705 .- euros .

23(830).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE DE DEPENDENCIAS VENCELLADAS Ó DEPARTAMENTO DE CULTURA. EX. 26962/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do 7.06.04, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

Polo Servicio de Cultura do Concello de Vigo, remiten expediente de contratación do servizo de vixilancia, mantemento e instalacións de seguridade de dependencias da unidade de cultura, adxudicado a empresa “Securitas, Seguridad España, S.A.”, por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 5 de decembro de 2002, con proposta de revisión de prezos do mesmo.

Vista a documentación que consta no expediente, en concreto, o prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, no que se recolle no apartado III a posibilidade de revisión de prezos do contrato, establecendo na mesma que ésta terá lugar transcorrido un ano dende a data de signatura do contrato, recollendo a variación experimentada polo IPC no periodo que medie entre a data de revisión e a data da apertura de proposicións económicas, que segundo se establece no contrato foi o 17 de agosto de 2002, polo que o IPC a aplicar sería o incremento producido entre agosto de 2002 e decembro de 2003.

Segundo certificación que aporta o adxudicatario o incremento de IPC de agosto 2002 a decembro de 2003, foi dun 4,5%, e o mesmo deberá ser aplicado tanto os prezos unitarios de vixilancia, como o de mantemento que no seu día ofertou a empresa.

Visto o informe do departamento de Cultura, observase que o mesmo é correcto, e axusta o previsto no prego de cláusulas Administrativas que no seu día rexeron a contratación, polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a aprobación da proposta que fai o servizo, conforme a continuación se expón:

“Aprobar a revisión de prezos do contrato de vixilancia, mantemento e instalacións das dependencias das unidades de cultura, adxudicado a empresa “Securitas, Seguridad España, S.A.”, por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 5 de decembro de 2002, fixando o mesmo para o ano 2004, nos importes seguintes:

- O importe do contrato, en concepto de vixilancia, para o ano 2004 (ata a data de remate , 19 de decembro/2004), ascende a a 252.866,70 euros.*
- O importe do contrato de mantemento perante o ano 2004, como consecuencia da aplicación do IPC, quedará establecido en 12.303,30 euros, ambos dous importes faranse con cargo a partida 4510.213.00.00 do vixente presuposto.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

24(831).-REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E OUTRAS DEPENDENCIAS. EX. 16966/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 10.06.04 e de acordo cos informes da técnico de Admón. Especial do 29.04.04 e 21.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de Limpeza da Casa do Concello, e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas, adxudicado a empresa Limpiezas del Noroeste, S.A., por un prezo de 957.375,84 euros, fixando o mesmo para o ano 2004, na cantidade de 1.002.130,53 euros/ano, o que importa un prezo mensual de 83.510,88 euros.

A imputación do gasto e pago do mesmo, segundo informe da Intervención Xeral de data 10.06.04, queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, xa que a revisión de prezos do contrato é un dereito estipulado no prego de condicións administrativas que no seu día rexeu a contratación.

25(832).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DA REDE SEMAFÓRICA. EX. 16953/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.06.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior, o concelleiro de mobilidade e seguridade e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por parte da empresa Equipos de Señalización y Control, S.A., “ESYCSA”, mediante escrito presentado no rexistro xeral, solicita a revisión do prezo do contrato de mantemento e conservación da rede semafórica da cidade, para o período xaneiro de 2002 a marzo dese mesmo ano, dó cal é adxudicataria por acordo do Pleno Municipal de data 31 de marzo de 1989.

Ná cláusula V do prego de condicións técnicas e administrativas que rexeu o concurso convocado para a contratación do referido servizo, establece a fórmula de revisión de prezos a aplicar, no caso de que ésta proceda.

A fórmula de revisión prevista no prego de condicións era a seguinte:

$$K_t = 0,81 \times H_t/H_o + 0,02 \times E_t/E_o + 0,02 \times S_t/S_o + 0,015$$

H_t e H_o son os índices de man de obra no mes de revisión e no mes de adxudicación do concurso.

E_t e E_o son os índices da enerxía do mes correspondente a revisión e o mes de adxudicación do concurso.

S_t e S_o son os índices dos materiais siderúrxicos no mes de adxudicación e revisión.

Segundo a proposta presentada pola empresa adxudicataria o coeficiente que revisará o prezo do contrato en cada anualidade será o seguinte:

Coeficiente de revisión a aplicar = $K_t - 0,025$.

O motivo polo que a empresa presenta a revisión de prezos do contrato para o periodo de tempo señalado anteriormente, e dita revisión non se inclueu ná revisión da anualidade marzo 2001/marzo 2002, non foi outro, que a empresa no seu día así o solicitou, xa que o 31/12/2001 era a data tope para que se actualizara i inventario, sendo a intención da empresa nese momento, e como así o fixo mediante a presente petición de revisión, proceder a partir desa data a actualización da totalidade do inventario.

Unha vez feitos os calculos oportunos, obtemos os seguintes resultados para o valor do coeficiente de revisión:

- Para materiais de igual natureza que ós de adxudicación: $K_t = 4,282000$
- Para materiais de distinta natureza: $K_t = 3,306400$

Vista a facturación da empresa durante o periodo que é obxecto de revisión xaneiro 2002/marzo 2002, comprobase que esta é a seguinte:

	FACTURADO	REVISADO
- xaneiro2002: materiais igual natu. sin ive :	49.460,32 euros	52.141,38
- xaneiro 2002 mat. Dist. Natureza	5.444,76 euros	5.730,40
- febreiro 2002 mat. Igual nat.	44.673,84 euros	47.128,52
- febreiro 2002 dist. Nat.	4.917,85 euros	5.179,14
- marzo 2003 mat. Igual nat.	49.460,32 euros	52.514,97
- marzo 2003 dist. Natureza	5.444,76	5.769,49

Unha vez feitas as comprobacións oportunas, constatase que o adeudado a empresa adxudicataria ascende a cantidade de 10.511,98 euros.

Polo exposto anteriormente, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte **A C O R D O**

Aprobar a revisión de prezos, do contrato de mantemento, conservación e reposición da rede semaforica da cidade, para o periodo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2002 a 31 de marzo dese mesmo ano, ascendendo o importe a aboar a empresa pola diferenza entre os prezos facturados e os revisados, a cantidade de 10.511,98 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

26(833).-RECLAMACIONES DE DANOS:

a) XOSÉ M. CRESPO. EX. 15657/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio e Contratación, do 4.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 19.05.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 3.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Indemnizar a D. XOSÉ MANUEL CRESPO BASTOS, coa cantidade de 641,09 euros en concepto da reparación polos danos ocasionados ó vehículo Ford Escort PO-9140-BG.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no art (33-l-i) do devandito Regulamento.

b) Mª JESÚS SOUTO. Expte. 14555/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio e Contratación, do 25.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de Dª Mª Jesús Souto Cabral polos danos ocasionados como consecuencia dunha caída cando camiñaba pola rúa Covadonga á altura do Mercado de Bouzas, ó meter o pé nunha focha; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 7.06.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 14.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Da. María Jesús Souto Cabral, por non existir claro nexa de causalidade do accidente co funcionamento do servizo público.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no art (33-l-i) do devandito Regulamento.

c) FRANCISCO CARPINTERO. Expte. 14379/240. DESESTIMADA

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio e Contratación, do 8.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. Francisco José Carpintero Solaberrieta polos danos ocasionados no seu vehículo polo accidente de tráfico sufrido cando circulaba pola rúa Estornino ó pasar por riba dun sumidoiro; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 31.05.04 e de acordo co informe-proposta do xefe

da Unidade de Patrimonio, do 10.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestima-la reclamación de D. Francisco José Carpintero Solaberrieta por non resultar probada a efectividade do accidente e a orixe dos danos e por conseguinte a relación directa da causa-efecto entre o dano e o funcionamento anormal ou defectuoso do servizo municipal.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no art (33-1-i) do devandito Regulamento.

27(834).-DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as subministracións, servizos e obras foron recibidas, executáronse conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) A CEPESA, S.A. a fianza por importe de 6.132,73 €, constituída para responder da subministración de gasóleos e gasolinas para o Parque Móbil. Expte. 173/241
- b) A ZUNFER, S.A. a fianza por importe de 1.700,56 € constituída para responder da subministración de materiais para obras no Cuartel de Barreiro, que foron recibidos mediante acta de 29.10.01.Expte. 228/241
- c) A ZUNFER, S.A. a fianza por importe de 208,14 € constituída para responder da subministración de materiais de rega para O Castro e Castrelos xa que foron recibidos mediante acta de 18.06.01. Expte.227/241
- d) A EKIPO, SCG a fianza por importe de 2.934,71 € constituída para responder da subministración dos lotes 1 e 2 de mobiliario para diversas dependencias que foi recibido mediante acta de 4.11.03. Expte.. 245/241
- e) A JUEGOS KOMPAN a fianza por importe de 677,33 € constituída para responder da subministración de xogos para parques infantís recibidos mediante acta de 3.06.02. Expte. 200/241
- f) A AGROMÁN, S.A. a fianza por importe de 27.471 € constituída para responder das obras de rehabilitación da Casa de Arines recibidas mediante acta de 25.09.98. Expte. 168/241
- g) A AGROMÁN, S.A. a fianza por importe de 4.693,90 € constituída para responder das obras do proxecto reformado de restauración da Casa de Arines que foron recibidas mediante acta de data 25.09.98. Expte. 170/241

**28(835).- COBERTURA DO POSTO DE XEFE DO SERVIZO DE FISCALIZACIÓN
ADSCRITO Á INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL. EX. 14897/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 8.03.04, que di o seguinte:

Na vixente relación de postos de traballo, aprobada por acordo plenario de 14 de xaneiro de 2003 (BOP de Pontevedra de 11 de xullo de 2003) existe, entre outros, un posto vacante no servizo de Intervención (código 140), denominado Xefe do servizo de fiscalización, e que ten asignado un nivel de CD 28.

A cubrición da referida vacante, habida conta o nivel funcional e especialización do posto, non debería ser realizada a través da oferta de emprego público con persoal de novo ingreso, senón a traveso do procedemento de provisión reservado para funcionarios de carreira na propia relación de postos de traballo, e con arranxo ás normas de tramitación legalmente prevenidas no RD estatal 364/95, de 10 de marzo e máis no Decreto autonómico 93/91, de 20 de marzo da Xunta de Galicia.

De acordo coas vixentes instrucións contidas na relación de postos de traballo do Concello de Vigo, o mecanismo de cubrición reservado para o referido posto de traballo será o de libre designación.

Segundo o disposto no artigo 28 da lei 4/88 da Función Pública de Galicia, serán de libre designación con convocatoria pública entre funcionarios os postos de traballo con nivel de complemento de destino comprendido entre 28 (inclusive) e 30, así como outros de nivel inferior que como tales figuren na relación de postos de traballo.

Pola súa banda, o artigo 42 da lei 4/88 garante, no ámbito da referida lei, o dereito á mobilidade dos funcionarios procedentes doutras administracións públicas, de conformidade cos requisitos e condicións que determinen as respectivas relacións de postos de traballo e de acordo co que dispoña a correspondente convocatoria.

Segundo o apartado 9º das instrucións da vixente relación de postos, as convocatorias efectuaranse con carácter interno, agás que na propia convocatoria a Corporación acorde abrilas a outros colectivos funcionariais.

En canto ás competencias en orde á aprobación das bases da convocatoria, o artigo 127.1.h) da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local na súa nova redacción conferida pola lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno local, atribúe esta competencia á Xunta de Goberno local.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 27.2º da lei 4/88, de 26 de maio, da función Pública de Galicia, na súa nova redacción dada pola lei 3/95, de 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei reguladora das Bases de Réxime local, sométese a este órgano a aprobación das bases de selección que a continuación se transcriben na seguinte proposta de acordo:...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe proposta, acorda:

1º.- Aprobala convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo vacante que se indica no anexo I desta resolución.

2º.- Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira das distintas Administracións públicas, encadrados tanto no ámbito de aplicación da Lei 30/84, de medidas para a reforma da función pública, como no ámbito de aplicación da lei autonómica 4/88 da función pública de Galicia, sempre que reúnan as condicións que para este posto se sinalan no anexo I.

3º.- As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaránse no rexistro xeral do Concello de Vigo ou nas oficinas previstas no artigo 38.4º da lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte a aquél no que apareza o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, segundo modelo que se inclúe no anexo II.

O texto íntegro das presentes Bases será publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Asemade, farásese anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

4º.- Os/as aspirantes deberán achegar á petición un currículum vitae e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que alegan.

5º.- No caso de que resulten seleccionados/as para ocupar os postos de traballo funcionarios/as con destino noutra administración pública, requirirase o informe favorable do departamento onde presten servizo, considerándose neste sentido de non emitirse no prazo de 15 días segundo o disposto no artigo 67 do RD 364/95, de 10 de marzo.

6º.- A resolución desta convocatoria farásese pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e poderá declararse deserta de considerarse oportuno.

7º.- O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade que a do novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servizo activo do/a funcionario/a. Este prazo empezará a contar a partir do día seguinte ó do cesamento, que deberá producirse dentro dos cinco días hábiles seguintes ó da publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Se a resolución comporta o reingreso ó servizo activo do funcionario/a, o prazo de toma de posesión comenza a contar dende o día seguinte ó da publicación da resolución.

8º.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación no BOP, ou poderán interpoñer directamente recurso

contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partires da mesma data, segundo o establecido na lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdiccción contencioso administrativa .

ANEXO I

CARACTERISTICAS DO POSTO.

DENOMINCIÓN: Xefe do servico de fiscalización

ESCALA : Administración xeral / Administración especial .

SUBESCALA: Técnica

GRUPO DE TITULACION: A.

TIPO DE POSTO: singularizado.

NIVEL COMPLEMENTO DE DESTINO: 28.

COMPLEMENTO ESPECIFICO : 1.835, 75 euros /mes.

AREA Á QUE ESTA ADSCRITO : Intervención xeral.

FORMA DE PROVISION DO POSTO: Libre designación.

REQUISITOS NECESARIOS PARA O SEU DESEMPEÑO.

TITULACION ESIXIDA.: Licenciado en Dereito/Licenciatura en Ciencias económicas/ Licenciatura en Ciencias Empresariais .

FORMACION ESPECIFICA : Na apreciación dos méritos, teráse en especial consideración a debida acreditación de experiencia e coñecementos relacionados coas distintas areas ou materias obxecto de fiscalización interna

REQUISITOS INDISPENSABLES ESIXIDOS:

- Ser funcionario de carreira encadrado no ámbito de aplicación da Lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública, con praza en propiedade no grupo de titulación esixido (A) e dentro das escalas de Administración xeral ou Administración especial.
- Ter desempeñado durante dous (2) anos consecutivos ou tres (3) fraccionados, un posto de traballo de xefatura de servico ou equivalente de nivel 24, na Administración local, autonómica ou estatal ou nos correspondentes organismos públicos dependentes de cada unha delas. No caso de terse desempeñado dito posto en Entidades locais, deberán ser Diputacións Provinciais, Capitais de Provincia ou Concellos con poboación superior a 50.000 habitantes.

Acreditar ter consolidado o nivel 24 de Complemento de destino á data de presentación da instancia.

29(836).- SOLICITUDE ABOAMENTO PRODUCTIVIDADE E DE MODIFICACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO PRESENTADA POLOS CABOS DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EX. 15117/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 18.06.04, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro xeral de 16 de xuño de 2004, os cabos do servizo de extinción de incendios Sres. D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. José Antonio Villar Comesaña, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso presentan escrito solicitando o aboamento dunha produtividade polas supostas diferencias de funcións que realizan , así coma unha suba no nivel do Complemento de destino dos seus postos de traballo , pasando do nivel 16 ao 18.

Con carácter xeral, debemos informar que de conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

Segundo a referida norma, a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e cos obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo poidan devengar dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En canto as competencias resolutorias, correspondelle ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta de Goberno local a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas así coma a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que no seu caso teña establecido o Pleno , sen prexuízo da delegación que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Feitas estas premisas legais, cumpre informar que as solicitudes presentadas non se sustentan en ningún dereito preexistente do funcionario nin veñen amparadas por resolución administrativa de ningún tipo que xustifique a asignación dos emolumentos peticionados.

Ó día de hoxe, e en tanto non se resolva outra cousa polo órgano competente, os criterios para recompensar a realización de funcións de superior categoría son os establecidos nas Instrucións de Plantilla dos respectivos orzamentos, aprobadas polo Pleno do Concello, que esixen o desempeño continuado de ditas funcións de superior nivel por tempo superior ó mes, e previa ordenación expresa por unha resolución da Alcaldía.

Tales circunstancias entendemos que non concorren - ou cando menos non se acreditan - nestas instancias, logo que os parámetros de asignación do complemento de produtividade incluídos nas Instrucións de plantilla non constitúen presupostos automáticos de devengo, senón criterios se outorgamento dun complemento retributivo discrecional que deberá ir asociado, ademáis, ao propio rendemento e actividade do funcionario no desempeño desas funcións de superior categoría, resultando preciso a tales efectos unha acreditación mínima tanto da duración efectiva desas supostas funcións de superior nivel como do seu grao ou nivel de intensidade, logo que para poder presupoñer a concorrencia deste parámetro de asignación resultaría preciso acreditar unha realización plena e non parcial de todas aquelas funcións asignadas ao posto de superior categoría, esto e, o posto de sarxento. Tal eventualidade - que en ningún momento ven avalada pola xefatura do servizo - , resultaría conceptualmente difícil de soste de momento en que os cadrantes do servizo están deseñados para garantir sempre a presenza dun sarxento en cada quenda de traballo , cando menos, no Parque Central, que será quen adopte e a quen se lle deban someter preceptivamente para a súa autorización tódalas decisións de responsabilidade.

Cumpre advertir, asemade, que unha solicitude similar, presentada polo cabo do servizo de extinción de incendios Sr. D. José Benito Vilaverde Veleiro e desestimada por acordo da Comisión de Goberno de 17 de xuño de

2002, foi obxecto dun recurso contencioso administrativo (rec. P.A. 276/02) que rematou nunha sentenza desestimatoria do xulgado do contencioso administrativo nº. 1 de Vigo, de 19 de setembro de 2003, ratificada asemade por sentenza do do TSXG de 24 de decembro de 2003 .

No que atinxe á solicitude complementaria de modificación do complemento de destino dos postos de traballo de cabo do SEIS, significase que dita petición se sustenta máis nunha propia valoración subxectiva realizada polos propios interesados das funcións do seu posto que o resultado dun estudio técnico e obxectivo das funcións, polo que debe proceder a súa desestimación. En caso contrario, isto é, de chegar a estimarse sen maior rigor valorativo toda reclamación retributiva presentada polos funcionarios públicos, sucedería que se estaría a provocar, de facto, unha conculcación dos límites de incremento retributivo previstos nas leis de presupostos do Estado. Precisamente por esta circunstancia, o artigo 127.1.h) da LRBRL atribue competencia á Xunta de Goberno local para aprobar as retribucións do persoal municipal con arranxo ao presuposto aprobado polo Pleno da Corporación, resultando que o actual orzamento (no que se estableceron as actuais retribucións do persoal municipal) foi expresamente aprobado por resolución plenaria de 14 de xaneiro de 2003 (BOP de 17 de xaneiro de 2003), acto firme e executivo, que non foi recorrido polos interesados.

Por todo o exposto, sométese a consideración do órgano resolutor a seguinte proposta:

Desestima-la solicitude de 16 de xuño de 2004 presentada polos cabos do Servicio de extinción de incendios e salvamento anteriormente relacionados, polas que se solicita o aboamento dunha produtividade así coma unha modificación do complemento de destino dos seus postos de traballo pola suposta realización de funcións de superior categoría, ó non subsentarse ditas instancias en ningún dereito preexistente que motive a aprobación dos incrementos retributivos peticionados, todo elo consonte ó informe precedente que se transcribe como parte integrante deste acordo “ .

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

30(837).- SOLICITUDE ABOAMENTO PRODUCTIVIDADE A FAVOR DOS OFICIAIS PAVIMENTADORES DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EX. 15118/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 21.06.04, que di o seguinte:

Con datas 3 e 10 de xuño de 2004, o Concelleiro delegado de vías e obras, a proposta do enxeñeiro técnico de vías e obras, emite dous escritos solicitando o aboamento dunha produtividade a favor dos oficiais pavimentadores Sres. D. JESÚS BASTOS ROMAN , D. JUAN RAMÓN LÓPEZ RIVERA, e D. MIGUEL ANGEL ALONSO CUE.

A produtividade proposta para os Sres Bastos Román e López Rivera pretende fundaméntarse na Instrucción de plantilla 3ª, apartado F (conducción de maquinaria pesada) e a do traballador Sr. Alonso Cue no apartado E) das devanditas Instruccións (toxicidade).

Fundamentos de dereito :

De conformidade co disposto no artigo 20 do Convenio laboral vixente, aprobado por acordo plenario de 28 de decembro de 1998, a estrutura das retribucións do persoal laboral queda equiparada ó réxime retributivo do persoal funcionario.

Consecuentemente, o Complemento de produtividade, de conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta de goberno local distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril.

Feitas estas anteriores premisas legais, cúmpre concluir que as productividades propostas non se axustan ás vixentes Instrucións de plantilla, logo que a produtividade incluída na letra F) das vixentes Instrucións de plantilla contémprese única e exclusivamente para os oficiais conductores pola conducción de vehículos palas, e a incluída na letra E) ao persoal do servizo de desinfección.

Por todo o exposto, sométese a consideración da Xunta de Goberno local, a seguinte proposta de acordo :

Rexeitar a solicitude de aboamento de produtividade presentada polo servizo de vías e obras a favor dos oficiais pavimentadores anteriormente referenciados, en atención ó informe precedente .

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

31(838).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE MAIO DE 2004. Expte. 15101/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, de 16.06.04, conformado pola interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, de 16.06.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de MAIO-2004, e que ascenden a un total de 586'50 € (CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

32(839).-PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN VEHÍCULO, ANGEL POSADA OITAVÉN, PRIMEIRO TRIMESTRE 2004. EX. 10883/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, de 16.06.04, conformado pola interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, de 16.06.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados por don Angel Posada Oitavén (nº persoal 14516) aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe total de 183 € (CENTO OITENTA E TRES EUROS), correspondentes o 1º TRIMESTRE do ano 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

33(840).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE O MES DE MAIO 2004. EX. 15102/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, de 16.06.04, conformado pola interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, de 16.06.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de MAIO-2004, e que ascenden a un total de 1.033'20 € (MIL TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

34(841).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE PERSOAL DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE MAIO 2004. Expte. 15103/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, de 16.06.04, conformado pola interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, de 16.06.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de MAIO-2004 e que ascenden a un total 561'80 € (CINCOCEMOS SESENTA E UN EUROS, CON OITENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

35(842).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE PERSOAL ARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE MAIO 2004. Expte. 15104/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, de 16.06.04, conformado pola interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, de 16.05.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados como palista no Parque Móbil, según relación adxunta e que comenza por don Antonio Amoedo García (nº persoal 22579) e remata por don José Luis Villarroel Vila e que ascenden a un total de 131'20 € (CENTO TRINTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), correspondente o mes de MAIO de 2004 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

36(843).-SOLICITUDE ABOAMENTO PRODUCTIVIDADE DO “EQUIPO DO PICHE” DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EX.15119/220.

Retírase o asunto da orde do día para realizar un mellor estudio.

37(844).-DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE MAIO DE 2004. EX. 15105/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, de 21.06.04, conformado pola interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, de 16.06.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas e que comezan [por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios](#) e rematan [por don Julio Domingo Rua Ojea do Instituto Municipal dos Deportes](#), os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 72.442'48 € (SETENTA E DOUS MIL CATROCENTOS COARENTA E DOUS EUROS CON COARENTA E OITO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de MAIO de 2004.

38(845).- SOLICITUDE DE D^a TERESA PALLARES CRESPO POR DANOS PRODUCIDOS NO IMD. EX. 15024/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do xefe de Área de Réxime Interior, de 22.06.04, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de abril de 2004 aprobouse a seguinte proposta:

“28.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE DICTAME Ó CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA SOBRE A RECLAMACIÓN DE D^a M^a TERESA PALLARES CRESPO POR DANOS PRODUCIDOS NO IMD. EXPTE. 15024/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Réxime Interior, do 19.04.2004, en relación coa reclamación de D^a María Teresa Pallares Crespo polos danos físicos sufridos no IMD, que di o seguinte:

En data 27 de xuño de 2002 o Consello Consultivo de Galicia emitiu dictame sobre o expediente de “reclamación a nome de dona María Teresa Pallares Crespo polos danos físicos sufridos, consistentes en dobre fractura de radio (man e brazo esquerdo), ó caer cara a atrás cando practicaba a patinaxe nun curso impartido no Palacio de Deportes de Vigo”, que foi enviado para o seu preceptivo informe ós efectos previstos no artº 12 do Real Decreto 429/1993 de 26 de marzo.

A proposta do Secretario-delegado do Consello de Administración do Instituto Municipal dos Deportes era desestimatoria da pretensión de indemnización de danos e prexuízos á reclamante.

O Consello Consultivo recolle nos antecedentes os diversos trámites seguidos con motivo da instrución do expediente devolvendo este sen a emisión do dictame preceptivo, que en síntese fundaméntao en:

- Necesidade de outorgar trámite de audiencia ó reclamante.*

- *Que ningún órgano do IMD, segundo os estatutos en vigor ostenta competencia para a resolución do expediente nin conseguintemente para que o seu presidente estea lexitimado para interesalo dictame preceptivo e que polo tanto, a proposta de resolución deber realizarse polo Concello como ente de cobertura do organismo autónomo.*

En relación co escrito e sen prexuízo da proposta que logo se fará a Xunta de Goberno Local, cumpre indicar que se ben nos estatutos do Instituto Municipal de Deportes non figura atribuída a competencia específica para adoptar resolución de expedientes en materia de reclamación de danos e prexuízos, non obstante o apartado letra e do artº 11 puidera comprendela mesma polo menos no sentido non restrictivo de entender que esta atribución ten un sentido residual, e puidera alcanzar nun só exercicio de accións administrativas ou xudiciais senón amais a defensa das que exerciten os particulares.

Indicar por outra parte que segundo consta no expediente e como foi interesado no referido escrito do Consello Consultivo, por decreto de 5 de agosto outorgouse trámite de audiencia á reclamante durante o prazo de quince días hábiles sen que fixera uso do dereito de formular alegación algunha tal como consta na documentación incorporada ó expediente.

En razón ó exposto e atendendo o dictame do Consello Consultivo de Galicia de 27 de xuño de 2002 nº de entrada do Rexistro Xeral 41220/2002, proponse á Xunta de Goberno Local conforme a delegación que ten atribuída por resolución da Alcaldesa en data 2 de xaneiro de 2004, apartado letra c) "I.- Sexto", acorde:

"Primeiro.- Prestar conformidade ó informe proposta do Xefe da Área de Réxime Interior a efectos de interesar novo dictame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia o abeiro do previsto no capítulo segundo do Decreto 287/1996 de 12 de xulio polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, informe que se recolle no texto que se transcribe:

Mª Teresa Pallares Crespo, en escrito nº de entrada no rexistro xeral 31063/1999, formula reclamación de anos e prexuízos, representada por dona Lucía González Astray, por supostas secuelas producidas a causa de lesións por un grave accidente sufrido no ano 1994 mentres practicaba deporte de patinaxe no Instituto Municipal dos Deportes, fixando a contía de indemnización en 4.000.000.- ptas. e achega copia de informe médico do Policlínico Vigo, S.A. (POVISA) e outro da clínica Médica Drs. Rivadulla Martínez e P. Rivadulla Barrientos nos que se poñen de manifesto determinadas limitacións como consecuencia da práctica de patinaxe.

Interesada información complementaria en escrito 17 de decembro de 2001 ó abeiro do artº 6º do Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, compe informalo seguinte, á vista do escrito de resposta do interesado de data 3 de xaneiro de 2002.

a) Que o accidente aconteceu o día 20 de xullo de 1994, sobre as 10:30 horas producíndose unha fractura cando realizaba exercicios en grupo, ordenado por unha monitora encargada da clase que posteriormente acompañou á interesada o centro sanitario POVISA.

b) *Que aporta copia de xustificante do Instituto Municipal dos Deportes acreditativo da inscrición da interesada no curso de patinaxe e así mesmo copia do documento acreditativo de asistencia sanitaria no centro POVISA ás 13 horas do día 20-07-1994, importando 12.733.- ptas., sen que se aporte diagnóstico.*

c) *Aduce en concepto de relación da causalidade que na participación dos cursos convocados non se fixera distinción de participantes para patinar entre persoas de distinto nivel e desta circunstancia pretende deducir que é imputable a responsabilidade á Administración en base a tal circunstancia.*

d) *Invoca en apoio da súa pretensión a normativa contida na Lei 30/1992 na súa redacción vixente a normativa regulamentaria.*

e) *A efectos de probas propón, ademais das que constan no expediente aportadas ó mesmo, se aporte ou practique a seguinte:*

Se interese testemuña das seguintes persoal:

- *Don Manuel Lorigados Cao, con D.N.I. nº 76.801.205, con domicilio no Paseo de Alfonso XII, nº 35.*
- *Don Brais Lorigados Pallares, con domicilio en Avda. García Barbón, nº 116-entrechán A.*

Por Decreto do Concelleiro-Delegado de Deportes en data 10 de xaneiro de 2002 dispúxose a realización das probas propostas e a mais interesou informe do Director Técnico do Instituto Municipal dos Deportes, e da práctica das mesmas e do informe referido, resulta:

A) 1.- Que das testemuñas propostas na práctica de probas pola reclamante, o seu fillo -Brais Lorigados Pallares- límítase a manifestar que concurría á práctica de patinaxe coa súa nai, que estaban presentes dúas monitoras, cando ela caeu cara atrás, sen que na súa testemuña se faga alusión algunha a que existirán obstáculos ou calesquera deficiencias que motivaran a caída, testemuña non desvirtuada pola manifestación de don Manuel Lorigados Cao, ex-marido da reclamante, aínda que a versión dos feitos non engade nada á do seu fillo.

2.- O Director Técnico no seu informe, de data 11 de febreiro de 2002, manifesta que as actividades como a de patinaxe se desenvolven anualmente a través de Clubs, e precisa que neste suposto non existen requisitos especiais, agás pagamento de cuotas nin consta parte de incidencias no que se reflectirá o accidente.

3.- Do escrito de reclamación da interesada Sra. Pallares Crespo e do escrito complementario de 3 de xaneiro de 2002, a petición da Administración, aparte facerse referencia no mesmo a determinados extremos de non relevancia na instrución do expediente, invoca respecto á presunta relación de causalidade que os cursos convocados deberían facerse diferenciadamente segundo estiveran os participantes iniciados ou non nesta práctica, aducindo amais a inadecuación de vixilancia suficiente. -só dous monitores-

4.- En razón ós feitos que se constatan segundo a instrucción do expediente por tratarse do extremos mais relevante neste caso, tense que rexeitar a relación de causalidade que invoca segundo se recolle no precedente apartado, polos motivos seguintes:

- a) A descrición do feito que expón a reclamante de basear a imputación da responsabilidade ó Instituto Municipal dos Deportes, en modo algún pode ser determinante da consecuencia e efectos pretendidos, ó limitarse a deixar constancia de que na práctica do exercicio, caíra, aseveración coincidente coa testemuña do seu fillo sen que especificara circunstancia algunha que incidise directa nin indirectamente, nin concorrera coa doutras persoas que practicaban o exercicio no dito lugar, nin existiran deficiencias no pavimento nin nas instalacións que tampouco denuncia a reclamante e a presenza de dous monitores que permanecían no local, non pode ser motivo de falta de vixilancia, en que pretende ampararse a reclamante, tanto mais canto que o número de participantes -entre 15 e 20- é reducido estimándose suficiente a presenza de dous monitores, para atendelo desenvolvemento das prácticas.
- b) Pola realización dun exercicio dependente do comportamento e adestramento do usuario dos servizos que presta a Administración, non é viable legalmente imputala, responsabilidade á Administración.

É de indicar que con posterioridade ó dictame do Consello Consultivo e como neste se indica outorgouse á reclamante Dona M^a Teresa Pallares Crespo trámite de audiencia durante o prazo de 15 días para que puidera formular alegacións e presentar documentos e xustificacións que estimara pertinentes, sen que o formulase no prazo indicado.

B) Respecto á fundamentación xurídica, a responsabilidade patrimonial da Administración Pública fundaméntase nas disposicións legais e regulamentarias contidas respectivamente no título X da vixente Lei de procedemento administrativo común e no Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial e a tales efectos compre indicar:

Que segundo o art^o 2 do dito regulamento é requisito inescusable que as lesións que os particulares sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sexan consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos e cónstase, polos feitos en que se basea a reclamación e as testemuñas, que o accidente sufrido en absoluto é imputable á Administración senón ó comportamento da interesada, xa que logo non mediou circunstancia algunha motivadora que xustifique a responsabilidade da Administración. O contrario sería soste que sen mediar circunstancia de risco, a Administración tivera que facer fronte a calquera reclamación, de xeito absolutamente cego e motivado nunha responsabilidade absurda ó pretender que a Administración resarza todo, absolutamente todo, desligado de toda actuación ou proceder.

E de salientar que conseguintemente, non é viable legalmente ampararse xenericamente na responsabilidade da Administración para pretender lexitimar en tal título a conducta negligente da reclamante, toda vez que a Administración tiña establecido a vixilancia correspondente, e efectivamente, alí se atopaban dous monitores, tendo que rexeitarse as argumentación de que concorreran na patinaxe persoas con idades distintas, xa que non invocan, por non existir normativa

que prohiba ou esixa maior número. É de significar que a lesión se produciría, calquera que foxe o número de vixilantes e a intensidade da mesma e, polo tanto, non se pode anudalo dano á Administración Pública, xa que logo non existe relación directa, inmediata e exclusiva determinante de causa e efecto de imputación, polo contrario o risco foi creado exclusivamente pola reclamante.

En razón ó exposto e ós efectos do artº 12 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, propónse a desestimación da reclamación de danos e prexuízos formulada por dona Lucia González Astray en representación de dona Mª Teresa Pallares Crespo (escrito nº rexistro 31063/1999), toda vez que non existe nin concorre relación de causalidade entre o fundamento do servizo xestionado polo Instituto Municipal dos Deportes, e a lesión sufrida pola reclamante polos motivos e fundamentación xurídica esgrimida no precedente informe xustificativo da presente proposta.

Segundo.- Facultala á Alcaldesa para solicitar dictame do Consello Consultivo de Galicia conforme ó previsto no nº 2 do artº 12 da Lei de 10 de novembro de 1995 do Parlamento de Galicia polo que se crea o Consello Consultivo de Galicia”.

Interesado informe do Consello Consultivo de Galicia en data 7.6.2004 emite o respectivo dictame favorable por unanimidade dos seus membros, á proposta da Xunta Local de Goberno do Concello da data referida e polo tanto propónse que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Desestimala reclamación de danos e prexuízos formulada por dona Lucia González Astray en representación de dona Mª Teresa Pallares Crespo (escrito nº rexistro 31063/1999), toda vez que non existe nin concorre relación de causalidade entre o fundamento do servizo xestionado polo Instituto Municipal dos Deportes, e a lesión sufrida pola reclamante polos motivos e fundamentación xurídica esgrimida no precedente informe xustificativo da presente proposta.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artº 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artº (33-1-i) do devandito Regulamento.

3º.- Notificalo presente acordo a reclamante, comunicandoo así mesmo ó Instituto Municipal dos Deportes.

39(846).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS EN R/QUINTELA E R/FOTÓGRAFO ANGEL LLANOS. Expte. 4500/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 11.06.04, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado no asunto resultan relevantes para a resolución do mesmo os seguintes

FEITOS:

- 1) *Con rexistro de entrada de data de 20 de xaneiro de 2.004 e número de documento 40005054 e de data de 14 de maio de 2.004 e número de documento 40049958, a Promotora da Unidade Reparcelable rúa Quintela e Manuel Peroja e outros, respectivamente, achegaron o PROXECTO ORDINARIO DE OBRAS, PARA URBANIZACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO NA UNIDADE REPARCELABLE DA RÚA QUINTELA, redactado polo arquitecto don TEODORO DE FRANCISCO ANTES e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data de 5 de maio de 2.004.*
- 2) *Con data de 21 de maio de 2.004, o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas informou que "con fecha 20/01/04 se presentó el Proyecto de Obras Ordinarias para el tratamiento del espacio público resultante del expediente de reparcelación 4280/401, aprobado definitivamente el 06/06/02, situado entre las calles Quintela y Fotógrafo Ángel Llanos. Este espacio tiene un uso peatonal, y acorde con el mismo se proyectan las unidades de obra necesarias.*

Tras diversos ajustes a los materiales más comúnmente utilizados en obras municipales, el 14/05/04 se presenta el documento final.

En este documento, promovido por D. Manuel Peroja Moure, Promociones Luis Pérez Lemos, S.L., y Refolquin, S.L., actuales propietarios de los sólidos resultantes del expediente de reparcelación, contempla este espacio tratado con un pavimento de losas de granito de 10 cm. De espesor sobre base hormigón armado con mallazo, de 15 cm., de espesor.

Se incluyen las partidas para evacuación de pluviales, riego, alumbrado, jardinería y mobiliario urbano, así como las necesarias para completar los pavimentos de las aceras de las calles Quintela y Fotógrafo Ángel Llanos. Con los materiales en ellas ya colocados.

El ancho entre alineaciones es de doce metros (12 m.), señalando que las dos franjas de dos metros (2 m.) de ancho junto a las fachadas de las edificaciones, tienen ocupación bajo rasante, por lo que se establecerán las cautelas habituales para estas circunstancias.

El Proyecto ha sido redactado por el Arquitecto, Teodoro de Francisco Antes y tiene visado del 5 de mayo de 2.004. Su presupuesto de Ejecución por Contrata asciende a 85.158,65 €, importe que coincidirá con el aval a imponer para garantizar su ejecución"

- 3) *Asemade, sinálanse como precedentes:*
 - a) *Que, baixo o número de expediente 4233/401, se tramitou o procedemento de delimitación da unidade reparcelable nas rúas Quintela e Ramón Busch, no que o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 23 de novembro de 2.000 acordou a aprobación definitiva de delimitación de unidade reparcelable nas rúas Quintela e Ramón Busch.*

- b) Que, baixo o número de expediente 4280/401, tramitouse o proxecto de reparcelación da unidade reparcelable sita nas rúas Quintela e Ramón Busch, no que o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 6 de xuño de 2002, acordou aprobar definitivamente o devandito proxecto de reparcelación.
- c) Simultaneamente ó anterior e baixo o número de expediente 7365/411, tramitouse o Estudio de Detalle da unidade reparcelable na rúa Quintela, aprobado definitivamente por acordo do Pleno adoptado en sesión de 24 de xuño de 2.002.

A estes feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- De conformidade co artigo 67.2º e 3º do Regulamento de Planeamento Urbanístico, aprobado por Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, con independencia dos proxectos de urbanización, poderán redactarse e aprobarse, conforme á normativa do ente interesado, proxectos de obras ordinarias que non teñan por obxecto desenvolver integralmente o conxunto de determinacións dun Plan de Ordenación.

II.- Os artigos 290 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia e o 88 e seguintes do Texto refundido de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, -este último de aplicación supletoria segundo o disposto na D.F. 7ª- en canto regulan as obras locais.

III.- O artigo 124 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, en canto ó contido dos proxectos de obras e a responsabilidade da súa elaboración. O proxecto achegado contén o Anexo de cumprimento das normas de accesibilidade a edificios, Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, que a desenvolve.

IV.- En canto á obrigatoriedade de garantir a execución das obras, o apartado 3.8.11.i) do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1.993 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), segundo o cal deben garantirse a execución das obras recollidas no proxecto de referencia mediante a constitución da correspondente fianza ou aval por importe do 100% do orzamento da obra.

V.- En canto á competencia, segundo o artigo 127.1 da Lei reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve a PROPOSTA para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o proxecto de obras ordinarias para o tratamento do espazo público sito entre as rúas Quintela e Fotógrafo Ángel Llanos, promovido por don Manuel Peroja Moure, Promociones Luis Pérez Lemos, s.l. y Refolquin, s.l., e redactado polo arquitecto don Teodoro de Francisco Antes e visado polo COAG en data de 5 de maio de 2.004. (Expte. 4500/401).

SEGUNDO: Antes do inicio das obras e como condición suspensiva dos efectos do presente acordo, o interesado deberá presentar un aval polo 100% do orzamento das obras, que ascende a 85.158,65 €, como garantía da súa execución.

TERCEIRO: No momento inmediatamente anterior ó do inicio das obras efectuarase un replanteo das mesmas en coordinación cos técnicos do departamento de Vías e Obras do Concello.

CUARTO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados coa expresión de que contra el procede a interposición de recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

40(847).-RATIFICACIÓN CONVENIO CON D. JESÚS RODRÍGUEZ GONZÁLEZ NO PROCEDIMENTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DOS VIAIS PERIMETRAIS DA U.E. 5 “VIÑAGRANDE”. Expte. 104/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 9.06.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1) O Plan Especial de Reforma Interior de VIÑAGRANDE (C-SU-UA-5) aprobouse definitivamente mediante acordo plenario de 30/11/1995 (Expte. 2935/411), coa seguinte indicación expresa: “(...) 2.b.- Os propietarios do PERI asumirán os gastos de urbanización dos terreos fóra do PERI afectados polo viario previsto nel, debendo o Concello poñer a disposición daqueles os devanditos terreos”.

En data 17/11/1997 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o correspondente Proxecto de Compensación (expte. 4031/401).

O Proxecto de Urbanización dese ámbito aprobouse definitivamente no 28/05/1998 (Expte. 2935/411), abarcando a totalidade das obras de urbanización dos viarios perimétricos (Expte. 4038/411) .

2) No 26/10/1998 o Presidente da Xunta de Compensación (XC) da “U.E. 5 VIÑAGRANDE” presentou nesta Administración Municipal un escrito no que solicitou, entre outros extremos, que o Concello puxese a disposición da XC os terreos situados fóra do PERI e afectados polo viario perimetral previsto na actuación.

3) En data 05/03/1999 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou “Requirir da Xunta de Compensación da ‘U.E. 5 Viñagrande’ a presentación do proxecto de expropiación cos bens e dereitos afectados polo proxecto de urbanización”.

4) No 20/07/1999 o Presidente da devandita XC presentou o correspondente proxecto de expropiación. En datas 10/09/1999 e 08/11/1999 completouse dita documentación coa incorporación das follas individualizadas de prezo

xusto e subsanación de deficiencias.

5) En data 30/12/1999 o Pleno do Concello acordou aprobar inicialmente “o proxecto expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta para a obtención dos bens e dereitos afectados polo Proxecto de Urbanización da ‘UE 5 Viñagrande’ exteriores ó ámbito do PERI, redactado pola Xunta de Compensación do devandito Polígono”. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo dun mes mediante notificación individualizada ós afectados e publicación de anuncios no DOG nº 32, de 16/02/2000, e no xornal “Atlántico Diario” de 22/01/2000. No mentado prazo de información pública presentáronse un total de 13 Alegacións, que foron informadas polo Arquitecto Técnico municipal no 05/05/2000.

6) En data 09/02/2001 o Enxeñeiro técnico de obras públicas emitíu un Informe no que propuxo xustificadamente excluír da expropiación ás parcelas núms. "1" (D^a Alicia Garrido Pillado), "2" (D^a Margarita Garrido Pillado), "9" (D. Urbano Comesaña Pampillón), "16" (D. Heriberto Ramos Matos) e "16 bis" (D. Juan Costas Alonso e outros).

7) Nos días 25 e 28 de xaneiro de 2002 asináronse convenios de fixación do prezo-xusto expropiatorio (Art. 24 LEF) cos titulares das parcelas núms. "3" (D^a M^a Angeles Rodríguez Gestoso), "4" (D^a M^a Isabel Rodríguez Gestoso) e "7" (D. Jesús Rodríguez Gestoso). Na súa virtude, ditos propietarios cederán voluntariamente ó Concello as superficies respectivas de 12,30 m², 38 m² e 23,50 m² a cambio do recoñecemento da edificabilidade derivada das mesmas na unidade de actuación "C-SU-UA-AMEIXEIRA".

8) No 29/05/2002 o representante da Xunta de Compensación da U.E. 5 "Viñagrande" presentou nesta Administración municipal un Texto Refundido do proxecto expropiatorio, incorporando as modificacións derivadas das alegacións e dos informes técnicos municipais.

9) O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 6 de xuño de 2002, acordou, "PRIMEIRO: Ratifica-los convenios subscritos en datas 25 e 28 de xaneiro de 2002 cos titulares das parcelas núms. "3", "4" e "7" (familia Rodríguez Gestoso) no procedemento de expropiación por taxación conxunta dos viais perimetrais da U.E. 5 "Viñagrande". (expte. 104/413)./ SEGUNDO: Excluír da expropiación de referencia ás parcelas núms. "1", "2", "7", "9", "16" e "16.bis", polos motivos sinalados nos informes técnicos emitidos neste procedemento./

TERCEIRO: Estimar parcialmente as alegacións interpostas durante o trámite de información pública no senso e polos motivos manifestados polo arquitecto técnico municipal no seu Informe do 05/05/2000, incorporado ó expediente, tal e como se recolle no "Texto Refundido" do proxecto expropiatorio presentado pola Xunta de Compensación da U.E. 5 "Viñagrande", na súa última versión, de maio de 2002./ CUARTO:

Continua-lo presente procedemento expropiatorio respecto das parcelas núms. ""5", "6", "8", "10", "11", "12", "13" e "14"./

QUINTO: Dar por concluída a fase de instrucción do devandito procedemento expropiatorio, e remitir unha copia cotexada e foliada da totalidade do expediente á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva./ SEXTO: Notifica-lo presente acordo á Xunta de Compensación, expropiados e demais interesados, coa advertencia de que contra o disposto nos seus Aptdos.

"PRIMEIRO" e "SEGUNDO" cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. Contra os demais apartados da súa parte dispositiva non cabe interpór recurso ningún por tratarse de actos de mero trámite, pendentes da resolución definitiva da Administración autonómica."

10) Con data de 28 de novembro de 2002, o Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política territorial, Obras públicas e Vivenda, resolveu aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa polo procedemento

de taxación conxunta dos bens e dereitos necesarios para a urbanización da U.E. 5 VIÑAGRANDE , do Concello de Vigo.

11) Con data de 14 de maio procedeuse ó pago e ocupación das fincas números 8, 13 e 14 procedéndose á consignación dos importes correspondentes ás fincas 5, 10, 11 e 12. Asemade ó acto de pago concorreu o propietario da finca número 6, don Jesús Rodríguez González, solicitando a sinatura dun convenio nos mesmos termos que os asinados anteriormente. Por conseguinte, procedeuse á sinatura do convenio mediante o que o propietario cede voluntariamente ó Concello a superficie da parcela número 6 do proxecto expropiatorio a cambio do recoñecemento da edificabilidade derivada das mesmas na unidade de actuación "C-SU-UA-AMEIXEIRA".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O convenio expropiatorio suscrito co titular da parcela "6" axústase ó disposto no artigo 24 LEF e demais normativa de aplicación. Xa nos fundamentos xurídicos do acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 6 de xuño de 2002 que o acordo de ratificación dos convenios expropiatorios cos titulares das parcelas 3, 4 e 7 "non impide que posteriormente se adopten novos Acordos de similar contido co resto dos expropiados, sempre e cando se cumbran os requisitos necesarios para elo".

II.- En canto á competencia, segundo o artigo 127.1.d da Lei reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve a PROPOSTA para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

Único.- Ratificar o convenio suscrito en data de xuño de 2.004 co titular da parcela número 6 no procedemento de expropiación por taxación conxunta dos viais perimetrais da U.A. 5.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

41(848).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN NÓMINA DE XULLO 2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da interventora xeral, do 18.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan para a súa inclusión na nómina do mes de xullo:

SERVICIO	CLASIFICACION FUNCIONAL	IMPORTE
1212	Parque Mobil	466,48
1216	Patrimonio e contratación	99,96
2220	Seguridade	661,30
3130	Benestar Social	18,19
4130	Sanidade	116,02

4324	Electromecánicos	234,09
4326	Parques e Xardíns	49,98
4430	Cemiterios	142,63
4513	Museo Q. de León	237,15
4531	Patrimonio Histórico	360,61
4631	Participación Cidadá	74,46
5110	Vías e Obras	4.061,13
TOTAL		6.522,60

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

42(849).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POLO PERÍODO DE TRES MESES, DE TRES SUBALTERNOS. EXPTE. 15126/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 25.06.04, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 2 de xuño de 2004, a xefa do Servicio de Subalternos solicita a adscripción temporal de tres ordenanzas porteiros ó referido servicio, xa que na actualidade atópase cunha dotación mínima insuficiente de persoal subalterno, situación de precariedade que se ve especialmente agravada polas baixas laborais de longa duración de tres funcionarios e máis pola propia época estival de disfrute vacacional, o que incidirá de xeito máis grave no normal desenvolvemento do servicio público durante os meses de xullo, agosto e setembro.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9 .2 da lei 4188, de 26 de maio da Función pública de Galicia , a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego publico, mediante convocatoria publica e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal 6 servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderase proceder a contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica , non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente a cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84 de 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes , o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación debера ser respetuoso en todo caso cós principios de mérito e capacidade, tal e coma dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97 de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevee que o proceso selectivo do persoal laboral sera con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondene o ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións a traveso dos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

En consecuencia co exposto, ós seguintes aspirantes da referida lista resultarían ser Dª. Marta Mª. González Torres, NIF 44.082.170-W, Dª. Mª. José Jelusich Diz, NIF 36.031.327-X e, Dª. Mónica Domínguez Estevez, NIF 34.627.814-A, aceptando expresamente ás dúas primeiras mediante escritos de data 23 de xuño actual, e renunciando as dúas seguintes aspirantes, Dª. Mónica Domínguez Estévez e Dª. Milagros Pereira Antonio mediante escritos da mesma data, procedéndose o chamamento da seguinte aspirante da lista que se corresponde con Dª. Patricia Cid Mouteira, NIF nº 36.132.072-S, que tamén aceptou mediante escrito de data 24 de xuño, unha eventual contratación temporal por acumulación de tarefas, para cubri-lo periodo vacacional do persoal do Servizo.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese por outra banda amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da Lei 61/2003, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria coma a que nos ocupa.

Por todo iso, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

"Primeiro.- Contratar a D^a. Marta M^a. González Torres, NIF 44.082.170-W, D^a. M^a. José Jelusich Diz, NIF 36.031.327-X e D^a. Patricia Cid Moureira, NIF nº 36.132.072-S, como Subalternas, por un período de tres meses (1 de xullo a 30 de setembro de 2004), cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo RD. Legislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD. 272/98, de 18 de decembro.

Segundo.- Percibirán como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto de traballo Cód. 155 –Ordenanza-Porteiro."

Acordo

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

43(850).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POLO PERÍODO DE CINCO MESES, DUNHA DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL PARA O DEPARTAMENTO DA MULLER. EXPTE. 15127/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 22.06.04, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 28 de abril de 2004, a xefa do Servizo de Muller solicita a adscripción temporal dunha Diplomada en Traballo Social durante o período de baixa por maternidade da titular do servizo. Asimesmo, a Concelleira-delegada de promoción económica e desenvolvemento local-muller insiste expresamente na necesidade de cubrir a referida baixa maternal a través dunha contratación temporal, xa que do contrario repercutiría gravemente no desenvolvemento dos proxectos e actividades da Concellería da Muller previstos para o presente ano.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9 .2 da lei 4188, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal 6 servicio da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderase proceder a contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica , non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente a cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84 de 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes , o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación debера ser respetuoso en todo caso cós principios de mérito e capacidade, tal e coma dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97 de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevee que o proceso selectivo do persoal laboral sera con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente o ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións a traveso dos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

En consecuencia co exposto, á seguinte aspirante da referida lista resultaría ser D^a. Yolanda Fagín Torres, NIF 33.297.554-V, a cal aceptou expresamente mediante escrito de data 18 de xuño actual, unha eventual contratación temporal por acumulación de tarefas, para cubrir-la baixa maternal da titular do posto.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese por outra banda amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da Lei 61/2003, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria coma a que nos ocupa.

Por todo iso, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

"Primeiro.- Contratar a D^a. YOLANDA FAJIN TORRES, nif 33.297.554-V, como Diplomada en Traballo Social, por un periodo de cinco meses (1 de xullo a 30 de novembro de 2004), cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo RD. Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD. 272/98, de 18 de decembro.

Segundo.- Percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto de traballo Cód. 81 –Diplomado en Traballo Social.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

44(851).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez